



Concello de Viveiro

EXPTE.-2221/2021

JESÚS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, con DNI nº 33.304.022-E, Presidente da Sociedade Municipal do Excmo. Concello de Viveiro, Aparcamientos A Mariña S.L.,

Á vista da convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas polo Consello de Administración da empresa Aparcamientos A Mariña S. L., celebrado en Viveiro o día 12 de marzo de 2021, no que se acordou a aprobación das bases para cubrir temporalmente por vacante a praza de encargado/a, e a convocatoria de dito proceso, na empresa Aparcamientos A Mariña S. L. (centro especial de emprego de Galicia 47- GZ), publicada no BOP de Lugo Nº 104, de 10 de maio de 2021.

Vistas as bases reguladoras e os seus anexos polas que se establecen as normas que regularán o proceso selectivo para cubrir mediante concurso-oposición para cubrir temporalmente por vacante unha praza de encargado/a na empresa Aparcamientos A Mariña S.L. (centro especial de emprego de Galicia 47- GZ).

Tendo en conta o acordo adoptado polo Consello de Administración de Aparcamientos A Mariña S.L. na data 26 de maio de 2020.

Vista a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo publicada en data 02 de xuño de 2021.

Vista a base 8.2, que sinala "(...)Transcorrido o prazo de emenda de defectos, o/a Presidente/a elevará a definitiva a listaxe provisional, no caso de non presentarse reclamacións, ou resolverá as reclamacións e declarará aprobada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal...."

ACORDA

PRIMEIRO.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na sala de Xuntas do Concello de Viveiro o **xoves día 17 de xuño de 2021, ás 12:00 horas**, para a elaboración da lista definitiva de admitidos e excluídos e establecer as datas do examen de galego e da fase de oposición.

SEGUNDO.- Notificar o presente Acordo aos membros designados para o seu coñecemento.

En Viveiro, á data que consta á marxe

Presidente da Sociedade Municipal do Excmo. Concello de Viveiro, Aparcamientos A Mariña S.L.,

Asdo. Jesús Fernández Fernández

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147